

TEXTO 1

Pero en sentido contrario está o que di o filósofo, no seu primeiro libro da *Física*: que o universal é coñecido pola razón, mentres que o singular o é polos sentidos.

Debe dicirse, respondo, que o noso intelecto non pode coñecer directamente e nun primeiro momento o singular nas cousas materiais. A razón disto está en que o principio de singularidade nas cousas materiais é a materia individual, mentres que o noso intelecto, como xa se dixo anteriormente (q.85 a.1), comprende abstraendo a especie intelixible a partir deste tipo de materia. E o abstraído da materia individual é universal. De aí que o noso intelecto non coñece directamente máis que o universal.

Pero indirectamente, e case que por unha certa reflexión, pode coñecer o singular, pois, como se dixo anteriormente, mesmo despois de que abstraeu as especies intelixibles, non pode entender en acto grazas a elas a non ser volvéndose cara ás representacións imaxinarias nas que entende as especies intelixibles, como se di no libro III de *De Anima*. Así pois, o universal enténdeo directamente por medio das especies intelixibles; e indirectamente entende o singular, representado nas imaxes. E deste modo forma esta proposición: Sócrates é un home.

TOMÉ DE AQUINO; *Suma teolóxica*; Iª q. 86 a.

Tradución ao galego de Álvaro X. Pérez Vilariño; IES García Barros (A Estrada)

TEXTO 2

A derradeira felicidade humana non se acha nesta vida.

Todo canto se move cara ó seu fin desexa naturalmente establecerse e descansar nel: e así o corpo non torna ó lugar do que foi naturalmente movido se non é por un movemento violento que contraría o seu apetito. Mais a felicidade é o derradeiro fin que o ser humano naturalmente desexa. Polo tanto, o desexo natural do home é verse confirmado na felicidade. Así pois, se non consegue a estabilidade á vez que a felicidade, aínda non é feliz, e o seu desexo natural non ten sosego. Polo tanto, cando alguén alcanza a felicidade, conxuntamente alcanza a estabilidade e a quietude; por iso todos teñen da felicidade unha idea que implica a razón de estabilidade; por iso o Filósofo no libro I da *Ética* di: "non cavilamos que ser home sexa unha certa forma de camaleón". Nesta vida presente non existe unha estabilidade segura, pois a calquera que se lle chame feliz poden virlle enfermidades e desgrazas tales que fagan imposible calquera tipo de actividade na que se pon a felicidade. Non é, pois, posible nesta vida que exista a derradeira felicidade para o ser humano.

TOMÉ DE AQUINO; *Suma contra os xentís*, lib. 3 cap. 48 n. 4

Tradución de Ramón López Vázquez, IES Eduardo Pondal (Santiago de Compostela)

TEXTO 3

A suprema felicidade humana consiste en contemplar a deus.

Entón, se a suprema felicidade para o ser humano non reside nin en ter bens externos chamados fortunas, nin nos ben corporais, nin nos bens da alma tanto nos referidos á parte sensitiva coma á intelectual en canto actos das virtudes morais; nin nos ben intelectuais que regulan as actividades da prudencia e das artes; sendo así, só resta que a suprema felicidade do ser humano consista en contemplar a verdade.

En efecto, semellante operación é unha propiedade exclusiva dos seres humanos, sen que ningún outro animal poida facela.

Tampouco é un medio para acadar outra finalidade distinta; a contemplación da verdade búscase por si mesma.

Por esta operación o ser humano únese aos seres superiores aos que se fai semellante, xa que, de entre todo canto os humanos fan, a contemplación de verdade é común a Deus e aos seres celestiais.

[...]

Finalmente, todas as demais operacións humanas parecen ordenadas á contemplación coma ao seu propio fin. Para que a contemplación sexa perfecta requírese que o corpo estea íntegro, fin ao que se ordenan todas as medidas artificiais necesarias para a vida.

Tamén se precisa o acougo das perturbacións pasionais, que se acaba pola prudencia e demais virtudes morais; e tamén o das perturbacións exteriores, tranquilidade á que se encamiña todo o réxime da vida civil. Para que así sexa, se ben se pensa todo, todas as profesións humanas semellan orientarse á contemplación da verdade.

TOMÉ DE AQUINO; *Suma contra os xentís*, III-37

Tradución de Ramón López Vázquez, IES Eduardo Pondal (Santiago de Compostela)

TEXTO 4

A verdade áchase no entendemento cando fai xuízos

Como deixamos dito, o verdadeiro, segundo a súa máis propia razón, está no entendemento. Agora ben, xa que toda realidade é verdadeira por canto ten a forma propia da súa natureza, é preciso que o entendemento, en canto é coñecedor, sexa verdadeiro por canto ten a semellanza das cousas que coñece, que é a súa propia forma en canto coñecedor. Por iso, pola correspondencia entre o entendemento e as cousas defínese a verdade. Do que resulta que coñecer esta correspondencia é coñecer a verdade. Verdade, non obstante, que de ningún modo coñece o sentido, pois aínda que a vista garde semellanza co visible, porén, ignora a comparanza que existe entre a cousa vista e o que o sentido da vista percibe dela. O entendemento, pola contra, pode coñecer a súa correspondencia co obxecto intelixible, mais non a aprende ao coñecer a esencia de algo, senón cando xulga que a cousa é tal cal é a forma que dela aprende; entón é cando primeiramente coñece e di o verdadeiro, cousa que fai o entendemento cando divide e xunta, pois en toda proposición o predicado significa a forma que se xunta ou discrimina do suxeito.

TOMÉ DE AQUINO; *Suma teolóxica*, 1, q. 16, art. 2.

Tradución de Ramón López Vázquez, IES Eduardo Pondal (Santiago de Compostela)

TEXTO 5

Ten o ser humano liberdade?

O home ten libre albedrío; do contrario, sobran os consellos, as exhortacións, os mandatos, os premios e castigos. Para explicalo claramente, hai que reparar nos seres que obran sen ditame previo, por exemplo, unha pedra que cae, ou en todos os que carecen de coñecemento. Outros seres, porén, obran despois de informarse, pero non o fan libremente, por exemplo os animais. Así, a ovella que ve vir o lobo considera que debe fuxir, por un xuízo natural, non libre, pois tal proceder brota do instinto, non do discernimento feito por comparacións. O mesmo pode dicirse de calquera outro comportamento animal. Pola contra, o ser humano obra con ditame, pois pola súa forza cognitiva xulga que debe fuxir de algo ou perseguilo. Pero como este xuízo non provén do instinto natural para adoptar esa actitude particular, senón de certa contribución da razón, ocorre que obra con un xuízo libre podendo decidirse por diversas posibilidades. Acerca das cousas continxentes a razón ten posibilidades contraditorias, tal podemos ver nos siloxismos dialécticos e nas argumentacións retóricas. Por outra parte, as accións particulares son continxentes e, polo tanto, o xuízo da razón verbo delas pode orientarse de distintas formas, non está determinado a unha soa.

Logo é mester que o ser humano teña liberdade, pola mesmo que ten razón.

TOMÉ DE AQUINO; *Suma teolóxica*, 1, q. 83, a. 1.

Tradución de Ramón López Vázquez, IES Eduardo Pondal (Santiago de Compostela)

TEXTO 6

A lei é algo propio da razón?

Respondo dicindo que a lei é unha forma de regular e medir os actos, segundo a que alguén é empurrado a obrar ou a absterse; en efecto, a palabra lei vén de "ligar", xa que sempre obriga a obrar. Non obstante, a regra e medida dos actos é a razón, a cal é o primeiro principio dos actos humanos, tal e como xa se dixo claramente. Así, Aristóteles sostivo que o propio da razón é orientar as cousas cara ao seu propio fin, e iso é o primeiro principio de todo tipo de operacións humanas. Porén, en calquera clase de realidades o que é principio, á vez, é regra e medida para esa realidade; por exemplo, a unidade para a clase dos números e o primeiro movemento para todo tipo de movemento. De onde se deduce que a lei é algo propio da razón.

TOMÉ DE AQUINO; *Suma teolóxica*, I^a-II^a q. 90 a. 1 a 1

Tradución de Ramón López Vázquez, IES Eduardo Pondal (Santiago de Compostela)

TEXTO 7

Mais así como o ser é o primeiro que aprehende o coñecemento, do mesmo xeito é o ben o primeiro que aprehende a razón práctica, ordenada á acción. En efecto, todo o que actúa faino por un fin, e o fin ten razón de ben. É por isto que o primeiro principio da razón práctica é aquel que se funda na razón do ben e é este: o ben é aquilo que todos os seres apetecen. Así pois o primeiro precepto da lei é facer e procurar o ben e evitar o mal. E é sobre este que se fundan todos os demais preceptos da lei natural; é dicir, que todo o que cómpre facer ou evitar cae baixo dos preceptos da lei natural, que a razón práctica capta como bens naturais.

TOMÉ DE AQUINO; *Suma teolóxica*; I^a-II^a q.94

Tradución de Teresa Miñambres , I.E.S. Eduardo Pondal (Santiago de Compostela)

TEXTO 8

Texto:

La segunda vía se basa en la causalidad eficiente. Hallamos que en este mundo de lo sensible hay un orden determinado entre las causas eficientes; pero no hallamos que cosa alguna sea su propia causa, pues en tal caso habría de ser anterior a sí misma, y esto es imposible. Ahora bien, tampoco se puede prolongar indefinidamente la serie de las causas eficientes, porque siempre que hay causas eficientes subordinadas, la primera es causa de la intermedia, sea una o muchas, y esta, causa de la última; y puesto que, suprimida una causa, se suprime su efecto, si no existiese una que sea la primera, tampoco existiría la intermedia ni la última. Si, pues, se prolongase indefinidamente la serie de causas eficientes, no habría causa eficiente primera, y, por tanto, ni efecto último ni causa eficiente intermedia, cosa falsa a todas luces. Por consiguiente, es necesario que exista una causa eficiente primera, a la que todos llaman Dios.

Santo Tomás: “Suma teológica”.